

Acta núm. 07/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 05 de marzo de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Non asiste: Pablo Lago Sanmartín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 05 de marzo de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2020, DO 20.02.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2020, DO 20.02.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20.02.2020, acta núm. 06/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SONIA MIRA LÓPEZ na que comunica que vai realizar obras no interior dunha vivenda sita na Urbanización Agronovo nº16 consistentes en pintar os paramentos verticais e horizontais, e colocar un novo pavimento na planta baixa e baños.

A parcela (6346102NH2464N0016YN) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 27,80 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 92,37 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN QUINTELA VEIGA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras nunha vivenda sita na rúa Moutello nº7 – Brión:

- Construción dun porche de 22 m², na fachada sureste da vivenda.
- Colocación de tella no garaxe, por enriba da cuberta actual de pranchas de fibrocemento.

A parcela (6156612NH2465N0001DU) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O porche situarase mínimo a 8 m. do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 116,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CONCEPCIÓN MIRAZO ANQUEIRA, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre, de aproximadamente 98 m², sito no lugar de Chave de Ponte nº 22, colocando tella do país, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (9112303NH2491S0001PT) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,53 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 125,10 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión (SGD:218319030151), para dar subministro eléctrico a unha vivenda sita en Guisande, derivando o condutor RZ25 existente en apoio de formigón, e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo (P.A.S) tender condutor XZ1 50 ata a localización da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 31 m., segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pedro Tizón Barro, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 30/04/2019, visado nº 1348/19-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº6633504NH2463S0001MR), sitúase en Guisande nº47- Os Ánxeles, e está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, e nela estase a construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 03.05.2016.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-: Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

-: Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 477,95 €,

que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,59 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,16 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Xosé Signiorini Pérez, que di actuar en representación de ADRIA FLORERIA, S.L., na que comunica o cambio de titularidade da licenza de actividade de ferretería dun local sito na Avda. dos Ánxeles nº 27.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Rogelio López Ares e preténdese poñer a nome de Adria Florería, S.L.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de actividade do local sito na Avda. dos Ánxeles nº 27 a nome de Adria Florería, S.L.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González